

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)

CELEBRADA O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGEL ALVES LAGO

Non asiste

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28 de decembro de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 30 de novembro de 2017.

2. Toma de coñecemento dos decretos da alcaldía emitidos no mes de novembro de 2017.

3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

4. Toma de coñecemento da nova composición do grupo político do PP, designación de voceira e representación nas Comisións Informativas e Organos Colexiados.

5. Toma de coñecemento da cancelación do Plan de axuste municipal.

6. Aprobación, se procede, de recoñecemento extraxudicial de créditos.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, de nomeamento a título póstumo, de D. Santiago Iglesias Pedrido como fillo adoptivo de Vilagarcía de Arousa.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP, sobre conexión informática dos cemiterios municipais á base de datos central do Concello, así como de melloras en accesibilidade e arranxo da capela.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polos voceiros dos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, solicitando o traslado da locomotora "Sar" ao Museo do Ferrocarril de Vilagarcía de Arousa.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, contra a subida de peaxes na AP-9.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSde G-PSOE sobre prevención de incendios e construción dun centro de interpretación da Illa de Cortegada.

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Rogos e preguntas.

15. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30 DE NOVIEMBRE DE 2017..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 30 de novembro de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVIEMBRE DE 2017.: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

1 Aprobación de expediente de modificación de xeración de créditos

1 Recoñecemento de obrigas e orde de pago de facturas

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE NOVIEMBRE DE 2017

Nº DESCRICIÓN

42 Concesión de licenza de obra

26 Aceptación comunicación previa e documentación para realización de obras ou instalacións.

7 Aceptación comunicación previa e documentación para inicio e desenvolvemento de actividade.

2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de obras

5 Concesión de licenza para instalación de terraza en establecemento de hostalería

2 Desestimación de alegacións e orde presentación informe-ditamen de seguridade

2 Requerimento presentación informe-ditame de seguridade elementos exteriores da edificación

4 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística

9 Incoación de expedientes de reposición da legalidade urbanística

13 Orde de concesión de prazo para solicitude de licenza municipal para legalización de obras.

2 Concesión de licenza para cesión de terreos afectados por aliñacións.

1 Arquivo solicitude licenza de vado.

4 Aprobación expediente de contratación

1 Autorización celebración de bailes e verbenas populares

1 Estimación alegacións expediente sancionador horarios apertura e peche.

8 Incoación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico

2 Sobresemento das actuacións en expedientes sancionadores de tráfico.

2 Incoación procedemento sancionador por infracción da Lei de residuos de Galicia.

8 Aprobación expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos

7 Aprobación de expediente de modificación de xeración de créditos

1 Aprobación liquidacións.

20 Compensacións de oficio de débedas

4 Recoñecemento de obrigas e orde de pago de facturas

1 Denegación de fraccionamento de débeda

1 Incoación expediente reintegro de pago.

1 Orde de representación e defensa intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial.

1 Aprobación de gasto relativo á taxa por publicación de anuncio no DOG

2 Aprobación de gasto Plan de Pensións do meses de outubro e novembro

1 Nomeamento de funcionario interino

1 Designación de Secretaria Xeral accidental

3 Concesión de gratificación especial por substitución de posto de categoría superior

1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna

- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en festivos
- 1 Non procedencia revisión de data de reincorporación da baixa por IT dun empregado
- 1 Delegacións especiais relativas á Estratexia DUSI "Vilagarcía Avanza".
- 1 Ausencias non xustificadas dos/as empregados alumnos/as obradoiro de emprego

TOTAL: 190

O Concello en Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA NOVA COMPOSICIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PP, DESIGNACIÓN DE VOCEIRA E REPRESENTACIÓN NAS COMISIÓN S INFORMATIVAS E ORGANOS COLEXIADOS. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Grupo Político do PP:

1) Dáse conta da comunicación realizada por Dona Elena Suárez Sarmiento, voceira do PP, indicando a nova composición do grupo político municipal do PP, formado do seguinte xeito:

Dona Elena Suárez Sarmiento

Dona Rocío LLovo del Río

Dona Ana María Granja Guillán.

D. Jesús Longa Sánchez

D. Angel Benito Pérez Dorgambide

Dona Sagrario Castro Vidal

D. Manuel Méndez Varela

Do mesmo xeito comunica que dito grupo municipal designou como Voceira a Dona Elena Suárez Sarmiento e como suplentes a Dona Rocío LLovo del Río e a Dona Ana Granja Guillán.

2) COMISIONES INFORMATIVAS (Representación Grupo Político PP):

1.- ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS.

Titulares: Elena Suárez Sarmiento
Sagrario Castro Vidal
Rocío Llovo Del Río
Manuel Méndez Varela

Suplentes: Ángel Benito Pérez Dorgambide
Jesús Longa Sánchez

2.- BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

Titulares: Elena Suárez Sarmiento
Rocío Llovo del Río
Jesús Longa Sánchez
Sagrario Castro Vidal

Suplentes: Ángel Benito Pérez Dorgambide
Manuel Méndez Varela

3.- URBANISMO E SERVIZOS

Titulares: Elena Suárez Sarmiento
Manuel Méndez Varela
Jesús Longa Sánchez
Ángel Benito Pérez Dorgambide.

Suplentes: Sagrario Castro Vidal
Rocio Llovo del Río

4.- CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE E PROMOCIÓN ECONÓMICA

Titulares: Elena Suárez Sarmiento
Rocío Llovo del Río
Ángel Benito Pérez Dorgambide
Sagrario Castro Vidal

Suplentes: Manuel Méndez Varela
Jesús Longa Sánchez

3) REPRESENTANTES NOS DISTINTOS ORGANOS COLEXIADOS (Grupo Político PP):

Consello de Normalización Lingüística: Dona Elena Suárez Sarmiento.

Consello Consultivo Económico e Social: Dona Elena Suárez Sarmiento.

Mancomunidade do Salnés: Dona Elena Suárez Sarmiento.

Mesa Local de Comercio: Dona Elena Suárez Sarmiento.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA CANCELACIÓN DO PLAN DE AXUSTE MUNICIPAL. :

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

Fai algo máis de cinco anos que o Concello de Vilagarcía de Arousa, aprobou o Plan de Axuste 2012-2022 ó abeiro do RD 4/2012, en sesión plenaria de 30 de marzo de 2012.

Posteriormente, e no marco de dito documento, en sesión plenaria de data 14 de maio de 2012, o Concello aprobou a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo por importe de 4.513.849,87€, cun prazo de amortización de 10 anos, préstamo que foi asignado polo Ministerio de Facenda á entidade financeira BANKIA S.A.:

Préstamo:	Descrición	Capital del Préstamo
-----------	------------	----------------------

2012 / 1 / 105101	PRESTAMO BANKIA - ICO 2012	4.513.879,99
-------------------	-------------------------------	--------------

En efecto e tras cinco anos de aplicación, tal e como consta no informe da Intervención municipal Ref.: CV 23/2017 e CV 24/2017, da liquidación en termos consolidados correspondente ao exercicio 2016 despréndese o cumprimento dos principais obxectivos do Plan de Axuste:

LIQUIDACIÓN 2016	
Aforro bruto	6.410.974,90
Aforro neto	2.543.352,46
Saldo de operacións non financeiras	6.337.728,07
Axustes SEC (en termos de Contabilidade Nacional)	-1.741.082,59
Capacidade o necesidade de financiación	4.596.645,48
Remanente de tesorería gastos xerais	4.049.348,02
Saldo obrigas pendentes de aplicar o ppto al 31/12	0,00
Cumprimento da Regra de Gasto	SI

Recupérase polo tanto o signo positivo nas magnitudes que marcan a estabilidade presupostaria (aforro bruto e neto, superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería para gastos xerais).

Asemade, segundo os informes de morosidade correspondentes ao terceiro trimestre/2017, o período medio de pago a provedores sitúase no prazo marcado pola lei de morosidade pasando de un período medio de pago de 111 días a finais de 2011 a 41,02 días a finais de setembro 2017, e a 7,67 días segundo a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas establecida polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

Ademáis de cumprir cós obxectivos fiscais expostos, a revogación do Plan require da cancelación da totalidade da débeda concertada có FFPP.

A boa xestión do goberno municipal nos dous derradeiros anos- coa adopción de medidas como a axilización da recadación por vía executiva, o reforzo da inspección, o refinanciamento da débeda ou a contención do gasto-, permite cancelar o Plan de axuste e, con iso, recuperar a autonomía municipal á hora de xestionar os recursos económicos que xeran os veciños e veciñas de Vilagarcía de Arousa.

A pesar de que a normativa aplicable nada dispón en canto ao procedemento administrativo para a cancelación do plan de axuste, en aras de cumprir o principio de transparencia e con el fin de dotar de seguridade xurídica a este acto, esta Alcaldía considera axeitado dar conta á Corporación da finalización da vixencia do Plan de Axuste.

En consecuencia, ponse en coñecemento do Pleno desta Corporación que o Plan de Axuste aprobado en sesión plenaria de 30 de marzo de 2012 ó abeiro do Real Decreto 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, así como a operación de crédito a longo prazo concertada no marco de dito Plan e ó abeiro do RD 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para a financiación dos pagos a provedores quedan formalmente cancelados.

Vilagarcía de Arousa, a 20 de decembro de 2017

O Alcalde,
Fdo.: Alberto Varela Paz

A Comisión queda sabedora

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. :

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía do teor literal seguinte:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extrajudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

-Expedientes de gastos realizado nos exercicios 2015 e 2016 dos que as facturas/xustificacións foron correctamente recibidas no rexistro contable no exercicio 2017.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados na relación de **OPAS Nº D/2017/3** anexa á providencia de alcaldía, para afrontar estes gastos por un importe total de **9.348,52 euros**.

Tendo en conta que esta alcaldía considera necesario proceder ao recoñecemento extrajudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de obras, servizos e subministracións efectivamente realizados, en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos de estabilidade e período medio de pago marcados no Plan de Axuste do Concello de Vilagarcía.

Logo de ver o Informe de Intervención, **Ref. CV-340/2017** no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extrajudicial de créditos **Nº 04/REC/2017** (Expdte. Electrónico **Nº INT/2017/000088**), por importe de **9.348,52 euros**, con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na relación anexa á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos **Nº 04/REC/2017**, (Expdte. Electrónico **Nº INT/2017/000088**), das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de **OPAS Nº D/2017/3** anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de **9.348,52 euros**, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2017, a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, 19 de decembro de 2017

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do, PP, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

Aprobar o expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos **Nº 04/REC/2017**, (Expdte. Electrónico **Nº INT/2017/000088**), das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de **OPAS Nº D/2017/3** anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de **9.348,52 euros**, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2017, a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, DE NOMEAMENTO A TÍTULO PÓSTUMO, DE D. SANTIAGO IGLESIAS PEDRIDO COMO FILLO ADOPTIVO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP, coa data de 19 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 28 de decembro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Nomeamento institucional, a título póstumo, de Don Santiago Iglesias Pedrido como “Fillo Adoptivo” de Vilagarcía de Arousa”

EXPOÑEN

Don Santiago Iglesias Pedrido naceu en Roxos (Santiago) o 24 de decembro de 1938 no seo dunha familia humilde e traballadora. Comenzou os seus estudos na escola ós 6 anos e rematou ós 14, xusto no momento en que empezaba a súa carreira profesional como aprendiz de mecánica, faceta que compaxinaba coa escola de artes e oficios no tuno de noite.

No ano 1961, á idade de 21 anos, trasládase de Vilagarcía de Arousa, onde se asentaría definitivamente nesta cidade ata á actualidade. Máis de medio século de actividade e vida en Vilagarcía na que pouco a pouco se converteu nun empresario de recoñecido prestixio. Actualmente o Grupo Junquera (que leva ese nome porque a primeira parcela onde se estableceu a empresa é o que hoxe coñecemos como Parque da Xunqueira), nas súas catro divisións relacionadas co sector da automoción, mantén arredor de 150 postos de traballo directos en nómina e moitos outros de xeito indirecto que aportan emprego, actividade e importancia empresarial a Vilagarcía.

Pero sen dúbida o que diferencia á figura de Don Santiago Iglesias Pedrido doutros moitos empresarios foi sempre a súa profunda aposta persoal e decidida de respaldo a colectivos sociais e deportivos. É este un factor diferencial, tanto polo número de asociacións que se viron beneficiadas como pola súa diversidade durante todos estes anos de actividade na cidade.

O perfil de benefactor, protector e filántropo é público e notorio no seu recordo, e así o poden corroborar, entre outras, entidades adicadas ós fins sociais tan recoñecidas como:

- Cáritas Interparroquial
- Cruz Roja
- Asilo Divina Pastora
- Amigos de Galicia
- Asociación Ayuda Contra el Cáncer
- Médicos Sin Fronteras
- Bombeiros Unidos
- Asociación Lar

Do mesmo xeito, e tal e como defendeu no seu discurso de agradecemento cando foi merecedor do Galardón Grelo de Ouro, “o Deporte sempre foi un valor importante, polo que sempre apoiei e apoiarei a clubs e entidades, e así axudar a facer unha xuventude sá, traballadora e comprometida coa sociedade”.

Nesta vertente de protector e colaborador con diferentes deportistas e entidades destacan, entre outros:

- Arousa S.C.
- Cortegada
- CLB
- C.B. Vilagarcía

E eventos como:

- Arousa Cup
- Arousa Fútbol – 7

Ademais, o apoio a festas e celebracións na cidade sempre foi unha máxima. Destacou o respaldo e a axuda a eventos como a Cabalgata de Reis, a Festa da Auga ou o Entroido, fundándose unha peña que leva o nome da empresa La Junquera.

O pasado 29 de novembro falecía en Vilagarcía Don Santiago Iglesias, ós 78 anos de idade. Tras unha longa traxectoria como membro destacado da sociedade vilagarcía, reúne os preceptos necesarios para ser merecedor da concesión de honores e distinción de “Fillo Adoptivo de Vilagarcía de Arousa”, neste caso, a título póstumo, polos méritos anteriormente relatados e por levar sempre con orgullo o nome desta cidade alá onde fose.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa conceda a Don Santiago Iglesias Pedrido a distinción de “Fillo Adoptivo” a título póstumo desta cidade pola súa relevancia na sociedade vilagarcía, pola súa traxectoria profesional e pola súa recoñecida laboura de apoio a entidades sociais e deportivas.

Asdo. Ana Granja – Concelleira do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PP e PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do BNG, EU, e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

- 1) Conceder a Don Santiago Iglesias Pedrido a distinción de “Fillo Adoptivo” a título póstumo desta cidade pola súa relevancia na sociedade vilagarcía, pola súa traxectoria profesional e pola súa recoñecida laboura de apoio a entidades sociais e deportivas.
- 2) Convocar unha sesión solemne do Pleno da Corporación para realizar a entrega da distinción.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, SOBRE CONEXIÓN INFORMÁTICA DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS Á BASE DE DATOS CENTRAL DO CONCELLO, MELLORAS EN ACCESIBILIDADE E ARRANXO DA CAPELA. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de PP, coa data de 19 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 28 de decembro de 2017 a seguinte MOCIÓN:

“Conexión informática dos cemiterios municipais á base de datos central do Concello, melloras en accesibilidade e arranxo da capela”

EXPOÑEN

Que os veciños e usuarios dos cemiterios municipais demandan arranxos urxentes en materia de accesibilidade no interior e nos entornos destas instalacións, coma na parte nova do cemiterio da Avenida de Pontevedra, que por ser de gravilla dificulta ou impide o tránsito de persoas con mobilidade reducida, en cadeira de rodas ou aquelas que levan un carriño de bebés.

A accesibilidade ten que ser unha constante en todas as dependencias municipais, tal e como quedou de manifesto no último pleno da corporación e sobre todo despois de que o 4 de decembro de 2017 expirase o prazo legal para a adaptación dos espazos municipais na loita contra as barreiras arquitectónicas, que este goberno local non foi quen de levar a cabo.

Do mesmo xeito, o pésimo estado de conservación da capela do cemiterio impide o seu uso habitual para enterramentos, oficios relixiosos ou celebracións en datas de especial seguemento e significado social.

A isto hai que engadir un feito que é urxente e tristemente significativo: Actualmente o persoal municipal non ten acceso informático á base de datos dixital central do Concello. Isto implica que se unha persoa vai ser soterrada un sábado ou domingo nun panteón familiar, o persoal non pode saber se o nicho onde respousarán os restos do falecido/a está ocupado ou baleiro.

Parece lóxico que cos avances tecnolóxicos existentes hoxe en día e despois de que o persoal leve tempo reivindicando este acceso informático, esta dificultade, de sinxela e barata resolución, quede resolta á maior brevidade posible. Hai que ter en conta que os familiares teñen que enfrontarse a este problema nun momento especialmente delicado e non se lle pode argumentar que cun ordenador e un acceso a Internet quedaría resolta, pero que non se considera prioritario, porque si o é.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

SOLICITA

- Que o goberno local instale unha conexión informática nos cemiterios municipais para que os traballadores poidan acceder, en tempo real, á base de datos dixital central do Concello.
 - Que o goberno local actúe en materia de accesibilidade nos cemiterios e os seus entornos para facilitar o uso destas instalacións a todos os veciños, con especial importancia para aquelas persoas de mobilidade reducida, en cadeiras de rodas ou que levan carriños de bebés.
 - Que o goberno local arranxe o tellado e acondicione a capela do cemiterio para habilitalo para enterramentos e oficios, xa que existe un gran número de vilagarcíans que así o demandan.
- Asdo. Ana Granja– Concelleira do grupo municipal do PP

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación

- O Sr. López Rodríguez presenta unha emenda á moción: Na capela do Cemiterio poderían celebrarse tamén actos non relixiosos.

- A Sra. Llovo del Río di que non aceptan a emenda.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 18 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), PP (7), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1) e dúas abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal de EU (2)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción do grupo municipal do PP e:

- Que se instale unha conexión informática nos cemiterios municipais para que os traballadores poidan acceder, en tempo real, á base de datos dixital central do Concello.
- Que se actúe en materia de accesibilidade nos cemiterios e os seus entornos para facilitar o uso destas instalacións a todos os veciños, con especial importancia para aquelas persoas de mobilidade reducida, en cadeiras de rodas ou que leven carriños de bebés.
- Que se arranxe o tellado e acondicione a capela do cemiterio para habilitalo para enterramentos e oficios, xa que existe un gran número de vilagarciáns que así o demandan.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS VOCEIROS DOS GRUPOS POÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA, SOLICITANDO O TRASLADO DA LOCOMOTORA "SAR" AO MUSEO DO FERROCARRIL DE VILAGARCÍA DE AROUSA. :

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, coa data de 19 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 28 de decembro de 2017, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A PETICIÓN DE TRASLADO DA LOCOMOTORA "SAR" AO MUSEO DO FERROCARRIL DE VILAGARCÍA DE AROUSA

O 15 de setembro de 1873, despois de 11 anos de obras, realizouse a primeira viaxe do ferrocarril en Galicia. Coincide este traxecto e a inauguración da liña cunha época de especial prosperidade para o Carril e polo tanto tamén para toda a contorna.

Nesa primeira liña ferroviaria galega desenvolveu un papel ben importante a locomotora obxecto desta moción, o que a converte, polo tanto, nunha peza histórica. Foi fabricada en 1880 en Leeds pola Hunslet Engine Company, por encargo da compañía ferroviaria portuguesa "Beira Alta". En 1886, o director desa compañía, como homenaxe e mostra de amizade, decide regalarlle a John Trulock, xerente por aquel entón da compañía The West Galicia Railway Company, que opta por rebautizala co nome do río afluente do Ulla e empregala como vehículo de recoñecemento das obras que se estaban a realizar na liña. Será nese momento cando a locomotora se sitúe na estación do Carril para, polas súas características, quedar establecida como locomotora de manobras e de urxencias con base nesa estación.

Pouco tardou a xente en “rebautizar” a locomotora co cariñoso nome de “Sarita” polo que é tan coñecida.

É esta unha máquina ademais moi unida á historia de Vilagarcía de Arousa polo feito de ser o seu primeiro maquinista un veciño noso, Don Francisco Porto Codesido, quen, por encargo do propio John Trulock, foi enviado a Inglaterra para especializarse no manexo da locomotora.

Nos anos 30 do pasado século XX, a “Sarita” estableceu a súa base de operacións en Vigo para mover as locomotoras dos trens nos talleres e onde quedou ata a súa “xubilación”. A súa última viaxe empregando os seus propios medios realizouna precisamente de Vigo a Vilagarcía de Arousa para ser exposta na edición de 1968 na Feira de Exposicións de Galicia.

Posteriormente, esta importante peza do ferrocarril de Galicia quedou depositada na estación de Madrid-Delicias en 1979 para formar parte da colección do Museo Nacional do Ferrocarril. Alí permanecería ata 1990, ano no que lle foi cedida á Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, onde se atopa actualmente, nun importante estado de abandono.

Tendo en conta a vinculación clara entre a locomotora e Vilagarcía de Arousa e que aquí se empraza o Museo do Ferrocarril, unha vez que a mencionada Fundación pasou a mans públicas, non existen motivos para que a locomotora continúe na actual ubicación nun estado de absoluto abandono, co conseguinte deterioro dunha peza histórica.

Por outra banda, dado que en maio o Concello renovou por catro anos o contrato de arrendamento das actuais instalacións do Museo do Ferrocarril, cómpre darlle vida novamente a este espazo, hoxe en día infrautilizado, e ampliar o seu uso para a súa posta en valor e posterior rexistro na Rede de Museos de Galicia, cos beneficios que isto supón.

Por todo isto, propónselle ao Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1· Instar á Xunta de Galicia a que leve a cabo todas as medidas necesarias para que a locomotora “Sar” volva ao seu emprazamento orixinal, a antiga instalación da Estación de Ferrocarril de Vilagarcía, hoxe en día “Museo do Ferrocarril”.
- 2· Proceder á súa restauración inmediata para que axude a dar a coñecer o pasado ferroviario de Galicia, en especial o da liña Carril-Cornes e a vinculación do ferrocarril con Vilagarcía de Arousa.
- 3· Poñer en funcionamento novamente o Museo do Ferrocarril e dinamizalo coa realización de actividades didácticas, exposicións, concursos, etc. relacionados co ferrocarril e a súa relación con Vilagarcía de Arousa como tema central, para convertelo nun espazo cultural de referencia e un punto de interese turístico máis da nosa vila.
- 4· Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos distintos grupos do Parlamento Galego, así como amosar o apoio do Concello de Vilagarcía de Arousa a aquelas mocións que alí se poidan presentar ao respecto deste mesmo asunto.

En Vilagarcía de Arousa, a 19 de decembro de 2017.

Jesús López Rodríguez
EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza
Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, PSG-PSOE, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación

- Polo grupo Municipal do PSdeG-PSOE presentase a seguinte emenda:

- 1· Instar á Xunta de Galicia (Consellería de Cultura) a que leve a cabo a restauración inmediata da Locomotora “Sar”.
- 2· Instar á Xunta de Galicia para o traslado a Vilagarcía da locomotora “Sar”.

3. Entablar conversas co Concello de Padrón para o posible traslado da Locomotora Sar a Vilagarcía de Arousa.

4. Dinamizar o Museo do Ferrocarril.

- O Sr. González Somoza di que asume a emenda do PSG-PSOE.

- O Sr. López Rodríguez di que asumen a emenda do PSG-PSOE.

Sometido a votación a moción coa emenda do grupo Municipal do PSG-PSOE da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polos voceiros dos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría, xunto coa emenda presentada polo PSG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia a que leve a cabo a restauración inmediata da Locomotora “Sar” para que axude a dar a coñecer o pasado ferroviario de Galicia, en especial o da liña Carril-Cornes e a vinculación do ferrocarril con Vilagarcía de Arousa

2. Instar á Xunta de Galicia para o traslado a Vilagarcía da locomotora “Sar” para que volva ao seu emprazamento orixinal, a antiga instalación da Estación de Ferrocarril de Vilagarcía, hoxe en día “Museo do Ferrocarril”.

3. Entablar conversas co Concello de Padrón para o posible traslado da Locomotora Sar.

4. Dinamizar o Museo do Ferrocarril coa realización de actividades didácticas, exposicións, concursos, etc. relacionados co ferrocarril e a súa relación con Vilagarcía de Arousa como tema central, para convertelo nun espazo cultural de referencia e un punto de interese turístico máis da nosa vila.

5. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos distintos grupos do Parlamento Galego, así como amosar o apoio do Concello de Vilagarcía de Arousa a aquelas mocións que alí se poidan presentar ao respecto deste mesmo asunto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, CONTRA A SUBIDA DE PEAXES NA AP-9.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG, coa data de 19 de decembro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN CONTRA A SUBIDA DE PEZXES NA AP-9

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a subida de peaxes na AP-9, a súa gratuidade e transferencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Estado, a través do Ministerio de Fomento, acaba de autorizar a Audasa unha subida extraordinaria durante os próximos 3 anos do 3,1% para todos os tramos da AP-9, e que ven representar o dobre do IPC.

A privatización da AP-9 no 2003 está a significar grandes incrementos das peaxes nunha infraestrutura que está en mans dun fondo especulativo norteamericano e que goza dunha concesión ampliada até o ano 2048 baixo o Goberno do PP presidido Aznar. Unha explotación que outorga grandes beneficios económicos por unha infraestrutura xa amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria. Beneficios que nin sequera

repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfalto en moitos tramos e reduciuse drasticamente o persoal das cabinas de pago. Rexistra colas de horas en períodos estivais ou datas sinaladas sen se adoptaren medidas de ningún tipo.

O BNG leva demandando dende fai anos que se tomen medidas para que a AP-9 sexa unha vía de comunicación galega, de competencia do Goberno Galego, e de acceso gratuíto para todas as galegas e galegos. Nomeadamente, o BNG presentou iniciativas tanto no Parlamento de Galiza como no Congreso dos Deputados para demandar, entre outras medidas, a súa transferencia á Xunta de Galiza e que suprimisen as peaxes.

A AP-9 abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas, mais depende do Goberno do Estado que mantén peaxes desorbitadas para as persoas con menos recursos e lastra o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galiza deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega. É precisa a supresión das peaxes, melloras na autoestrada, que remate a explotación privada da AP-9 e se converta nunha autoestrada pública e gratuíta de titularidade galega.

O ano pasado, o Parlamento de Galiza, por unanimidade das forzas políticas aprobou a Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza que foi remitida ao Congreso para a súa tramitación e aprobación final.

O Bloque Nacionalista Galego aspira a que desde Galiza se tomo o control desa autoestrada para rematar coas deficiencias na súa gestión, as tarifas abusivas, os incrementos constantes e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias da AP-9.

Tamén, en febreiro deste ano, aprobouse unha iniciativa do BNG polo que o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG, solicita deste Pleno da corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte.

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galiza a que demande a súa supresión.
 2. Instar á Xunta de Galiza a que cumpra os acordos do Parlamento galego e demande do Goberno do Estado:
 - A Transferencia da AP-9 á administración galega.
 - A supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.
 3. Que se dean os pasos necesarios de cara a aplicación da gratuidade na totalidade desta autoestrada AP-9
 4. Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.
- Vilagarcía de Arousa, 19 de decembro de 2017.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, EU e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, contra a subida de peaxes na AP-9.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1. Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galiza a que demande a súa supresión.
2. Instar á Xunta de Galiza a que cumpra os acordos do Parlamento galego e demande do Goberno do Estado:
 - A Transferencia da AP-9 á administración galega.
 - A supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.
3. Que se dean os pasos necesarios de cara a aplicación da gratuidade na totalidade desta autoestrada AP-9
4. Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDE G-PSOE SOBRE PREVENCIÓN DE INCENDIOS E CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ILLA DE CORTEGADA. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupos municipal do PSG-PSOE, coa data de 20 de decembro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN: PREVENCIÓN DE INCENDIOS E CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE INTERPERTRACIÓN DA ILA DE CORTEGADA

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN**, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Illa de Cortegada é un dos principais bens patrimoniais da nosa localidade. Os seus valores medioambientais, etnográficos, paisaxísticos,... fixeron que hoxe en día, a Illa de Cortegada xunto coas Malveiras, conformen o Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas. Actualmente a Xunta de Galicia promove a declaración do Parque Nacional como Patrimonio de Humanidade. O pasado ano 2015, Cortegada sufríu un incendio que non chegou a causar graves deterioros na Illa grazas aos Servizos de emerxencia municipais, ao corpo de bombeiros e sobre todo á colaboración veciñal do pobo de Carril, que acudiu a sofocar o lume con cubos e capachos. Este conato de incendio evidenciou a falta de medios para a loita contra o lume existentes en Cortegada.

A raíz deste incendio, a Xunta de Galicia fixo unha serie de anuncios sobre medidas de protección contra o lume de Cortegada, que se quedou nunha mera declaración de intencións.

A día de hoxe os medios contra o lume dos que se dispón na propia Illa de Cortegada son exactamente os mesmos que había antes do incendio de xullo de 2015. Os equipos operativos de loita contra os lumes forestais dependentes da Xunta de Galicia para todo distrito forestal, máis próximos a Vilagarcía atópanse en Cuntis e Meis, a unha considerable distancia, para un resposta rápida en caso de lume, á que lle hai que engandir a dificultade do acceso á Illa en caso de lume.

Por outra banda, e dentro da posta en valor da Illa de Cortegada, o alcalde de Vilagarcía de Arousa, trasladoulle ao Conselleiro de Cultura a pretensión do Goberno local de construír un

Centro de Interpretación da Illa de Cortegada, que suporía ademais dun punto de difusión de información sobre Cortegada, un recurso turístico máis para a nosa vila.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galicia a dotar de medios para a loita contra o lume, dispoñibles na propia Illa de Cortegada.

2.- Instar á Xunta de Galicia a financiar a construción dun Centro de Intepretación da Illa de Cortegada

Vilagarcía de Arousa, 20 decembro de 2017

Asdo. Tania García Sanmartín

Voceira do Grupo Municipal Socialista

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación

- Dáse conta da emenda presentada polo grupo municipal do PP, seguinte:

2º Instar ó Concello de Vilagarcía de Arousa a buscar ubicación, elaborar un proxecto e dotar de contido un Centro de Interpretación da Illa de Cortegada, así como a xestionar as axudas necesarias da Deputación de Pontevedra e da Xunta de Galicia para a súa construción.

- O Grupo Municipal do PSG-PSOE non acepta a emenda presentada polo Grupo Municipal do PP.

Sometido a votación a moción polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE e:

1.- Instar á Xunta de Galicia a dotar de medios para a loita contra o lume, dispoñibles na propia Illa de Cortegada.

2.- Instar á Xunta de Galicia a financiar a construción dun Centro de Intepretación da Illa de Cortegada

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

13. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou

se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose unha moción polo Grupo Municipal de EU sobre os orzamentos xerais do Estado para 2018, do seguinte teor:

Grupo Municipal de Esquerda Unida, propón para o seu debate no Pleno

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**, sobre **OS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA 2018**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica iniciada en 2007 aumentou gravemente os niveis de desigualdade entre as persoas, poñendo en perigo a convivencia e cohesión social. Os servizos públicos víronse recortados e desbordados para cubrir as necesidades e dereitos da cidadanía.

Os traballadores e traballadoras da **Administración Local** e do conxunto de Servizos públicos sufriron baixadas salariais, aumentos de xornada e carga de traballo, ademais de ter prohibida de facto a negociación colectiva, por os sucesivos reais decretos.

As cifras macroeconómicas do pasado e actual ano son positivas, con crecementos do PIB do 3,2% no 2016, pero non se traduce nunha maior igualdade, senón ao contrario, os beneficios empresariais triplicáronse mentres que os salarios seguen estancados, procedendo ao denunciado trasvase de rendas do traballo a rendas do sector financeiro.

Na **Administración Local** non se está creando emprego senón todo o contrario, así como a calidade do emprego está sendo insuficiente para dar os Servizos necesarios que require a cidadanía, agora que as familias teñen máis necesidade de axudas.

As **Administracións Locais**, a pesar de ter a maioría unhas contas saneadas, e ter superávit, vense limitadas para dotar aos Servizos públicos con orzamento adecuado e cos empregados e empregadas públicos necesarios, porque o Goberno do Estado o impide a traveso da lei de orzamentos, mantendo a taxa de reposición, a limitación de ofertas públicas de emprego e as prioridades no gasto, así como manteñen o teito de gasto, non permitindo que os concellos saneados economicamente invistan nas necesidades de cada municipio.

Outro aspecto que esiximos e que exista unha nova negociación dunha nova financiación das Administracións Locais, dado que a actual é insuficiente.

Por todo elo, este pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía, adopta o seguinte

ACORDO,

1.- Instar ao Goberno do Estado e ao Parlamento, para que os Orzamentos Xerais do Estado para 2018, Contemplan:

- **Unha Correcta financiación** da Administración Local, que nos garante o acceso universal a uns servizos de calidade e igualdade de oportunidades. Para os que é necesario unha reforma fiscal progresiva.
- **Reforzar os Servizos Públicos**, como a Enseñanza, Servizos Sociais, Dependencia, Igualdade, Suministro de Auga, Servizos de atención ao público, I+D+I, entre outros, que permitan unha mellora da calidade de vida, a cohesión social, dinamizar a economía local e xerar emprego.
- **Un aumento das inversións públicas** por un avance nas nosas infraestruturas, que ademais de xerar emprego, é garantía de cohesión social e territorial.
- **Modificar as limitacións nas prioridades de gasto** e inversión dos seus orzamentos nas administracións locais, respetando a autonomía de cada Administración
- **Eliminar as limitacións á creación de emprego público** nas administracións locais. Eliminando a taxa de reposición e permitindo novas ofertas de emprego público, así como un plan de ofertas extraordinarias de emprego nun tempo determinado para recuperar os empregos perdidos dende o 2012.
- **Desenvolver o Estatuto do Empregado Público** e permitir unha negociación colectiva real en cada Administración cos seus empregados públicos. Dispoñendo da dotación

orxamentaria para devolver as cantidades salariais sustraídas aos empregados e empregadas públicos, así como outras condicións laborais arrebatadas.

- **Cláusulas Sociais obrigatorias na contratación pública** que garantan a eficiencia e transparencia do servizo, así como o Emprego, as Condicións laborais e a subrogación das persoas traballadoras.

2.- Por todas estas razóns o Concello de Vilagarcía de Arousa, mostra o seu rexeitamento ao Proxecto de Lei de Orzamentos 2018 por atentar contra a autonomía municipal, e eleva ao Goberno Central a proposta de esixir unha negociación cos axentes sociais e a FEMP no sinalado anteriormente.

3.- Dar traslado deste acordo aos Gobernos Central e Autonómico, aos Grupos políticos do Congreso de Deputados e do Parlamento de Galicia, á Xunta de Goberno da FEGAMP e a FEMP.
En Vilagarcía de Arousa a 20 de decembro do 2017

A seguir sométense a votación a declaración de urxencia da Moción presentada polo Grupo Municipal de EU dando o seguinte o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 13 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2), EU (2) e Somos Maioría (1) e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (6) e Concelleiro non adscrito (1)

ACÓRDASE: Por maioría a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU sobre os orzamentos xerais do Estado para 2018

A continuación ten lugar o debate do asunto e posterior votación da moción, dando o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 14 votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), BNG (2), EU (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito (1), e seis votos en contra dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (6)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción do grupo municipal de EU e:

1.- Instar ao Goberno do Estado e ao Parlamento, para que os Orzamentos Xerais do Estado para 2018, Contemplan:

- **Unha Correcta financiación** da Administración Local, que nos garantice o acceso universal a uns servizos de calidade e igualdade de oportunidades. Para os que é necesario unha reforma fiscal progresiva.

- **Reforzar os Servizos Públicos**, como a Ensenanza, Servizos Sociais, Dependencia, Igualdade, Suministro de Auga, Servizos de atención ao público, I+D+I, entre outros, que permitan unha mellora da calidade de vida, a cohesión social, dinamizar a economía local e xerar emprego.

- **Un aumento das inversións públicas** por un avance nas nosas infraestruturas, que ademais de xerar emprego, é garantía de cohesión social e territorial.

- **Modificar as limitacións nas prioridades de gasto** e inversión dos seus orzamentos nas administracións locais, respetando a autonomía de cada Administración

- **Eliminar as limitacións á creación de emprego público** nas administracións locais. Eliminando a taxa de reposición e permitindo novas ofertas de emprego público, así como un plan de ofertas extraordinarias de emprego nun tempo determinado para recuperar os empregos perdidos dende o 2012.

- **Desenvolver o Estatuto do Empregado Público** e permitir unha negociación colectiva real en cada Administración cos seus empregados públicos. Dispoñendo da dotación orxamentaria para devolver as cantidades salariais sustraídas aos empregados e empregadas públicos, así como outras condicións laborais arrebatadas.

- **Cláusulas Sociais obrigatorias na contratación pública** que garantan a eficiencia e transparencia do servizo, así como o Emprego, as Condicións laborais e a subrogación das persoas traballadoras.

2.- Por todas estas razóns o Concello de Vilagarcía de Arousa, mostra o seu rexeitamento ao Proxecto de Lei de Orzamentos 2018 por atentar contra a autonomía municipal, e eleva ao Goberno Central a proposta de esixir unha negociación cos axentes sociais e a FEMP no sinalado anteriormente.

3.- Dar traslado deste acordo aos Gobernos Central e Autonómico, aos Grupos políticos do Congreso de Deputados e do Parlamento de Galicia, á Xunta de Goberno da FEGAMP e a FEMP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20171228&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:50 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.